



**CIRCULAR LU08/2015**  
- Aos atletas, adestradores e clubs

**CAMPIONATO PROVINCIAL CAMPO A TRAVÉS  
I CROSS FLUVIAL CIDADE DE LUGO CATEGORÍAS MENORES**

A delegación da FGA en Lugo xunto co Club Fluvial de Lugo, organizan o vindeiro domingo día 10 de xaneiro o **Campionato Provincial de Campo a Través Xuvenil, Xunior, Promesa, Absoluto e Veteráns** xunto co **I Cross Cidade de Lugo para categorías menores**, no circuito Feira Exposición. A proba contará co control técnico da FGA a través da súa delegación en Lugo.

**REGULAMENTO CAMPIONATO PROVINCIAL CAMPO A TRAVÉS**

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.

**Art. 2.** Para optar a medallas do Campionato Provincial, os participantes deberán ter o seu domicilio na provincia de Lugo (presentarase DNI ou documento similar).

**Art. 3. CATEGORÍAS**

A efectos de premiación serán as seguintes categorías:

CATEGORÍA	NADO
Xuvenil	1999/00
Júnior	1997/98
Promesa	1994/95/96
Senior	1993 e anteriores
Veteranos A	35 – 44 anos
Veteranos B	45 – 54 anos
Veteranos C	55 – 64 anos
Veteranos D	+ 65 anos



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



### Art. 4. DISTANCIA E HORARIOS

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
11:45	Xuvenil / Júnior	3.000 m*
11:45	Promesa / Senior / Veteranas Femenino	3.000 m*
12:30	Promesa / Senior / Veteranos Masculino	6.000 m*

\*Distancias aproximadas.

### Art. 5. LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

O O circuito atópase xunto a Feira Exposición de Lugo.

circuito atópase xunto a Feira Exposición de Lugo.

### Art. 6. INSCRICIÓNS

As inscricións a través do sistema online na web da RFEA <https://isisrfea.es/sirfea2> ata as **23:00 horas do xoves 7 de xaneiro** anterior a celebración das probas.

### Art. 7. RETIRADA DE DORSAIS.

Os delegados oficiais dos clubs participantes poderán retirar na secretaría da competición os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este tempo non se permitirá a participación do atleta.

### Art. 8. PREMIOS

Por categorías, haberá medalla para os tres primeiros participantes masculino e feminino.

**Art. 9.** Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas de campo a través, poderá ser descalificado.

**Art. 10.** Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos os participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

**Art. 11.** As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente o Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

**Art. 12. SERVIZOS.** Tamén estarán dispoñibles as duchas Club Fluvial de Lugo.

**Art. 13.** Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.



## REGULAMENTO I CROSS FLUVIAL CIDADE DE LUGO CATEGORÍAS MENORES

**Art. 1.** Poderán participar atletas en idade escolar (homes e mulleres), atletas que teñan ficha o longo da tempada actual (2015/16) por algún club e pertence a Galicia.

### Art. 2. CATEGORÍAS

CATEGORÍA	NADO
Benxamin	2007/08
Alevín	2005/06
Infantil	2003/04
Cadete	2001/2002

### Art. 3. DISTANCIA E HORARIOS

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
11:00	Benxamin	540 m*
11:05	Alevín	870 m*
11:15	Infantil	1.000 m*
11:25	Cadete	2.000 m*

\*Distancias aproximadas

### Art. 4. LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

O circuito atópase xunto a Parque da Feira Exposición de Lugo.

### Art. 5. INSCRICIÓNS

As inscricións a través do sistema online na web da RFEA <https://isisrfea.es/sirfea2> ata as **23:00 horas do xoves 7** de xaneiro anterior a celebración das probas.

### Art. 6. RETIRADA DE DORSAIS.

Os delegados oficiais dos clubs participantes poderán retirar na secretaría da competición os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída da primeira proba. Pasado este tempo non se permitirá a participación do atleta.



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatetismolugo@gmail.com](mailto:fgatetismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



### Art. 7. PREMIOS

Entregarase trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría, tanto masculino como feminino. Ditas medallas entregaranse na cerimonia de premiación que celebrárase unha vez rematen todas as probas, tanto as do Cross do Cidade de Lugo como as do Campeonato Provincial, que disputase a continuación.

Será obrigatorio a presenza do atleta na zona de podium para poder levar este trofeo..

**Art. 8.** Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas de campo a través, poderá ser descalificado.

**Art. 9.** Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos os participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

**Art. 10.** As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente o Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

**Art. 11.** Servizos.

Tamén estarán dispoñibles as duchas do Club Fluvial de Friol.

**Art. 12.** Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

En Lugo, 29 de decembro do 2015

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo